

ALEN DO MOTIVO DE CONSULTA

Sal Valiño, Javier; Rilo Castelao, Ana; Cañellas Dols, Margalida; Marcos Atanes, Alba; Deus García, Cristina; Sal Valiño, Andrés

Ámbito do caso clínico 1: Atención Primaria.

Motivos de consulta: Lesión dermatolóxica.

Historia clínica:

-Antecedentes persoais: NAMC. HTA. Hipotiroidismo. Artrose.

-Situación funcional: IABVD. Vive no medio rural.

-Anamnese: Muller de 88 anos que acode á consulta pola aparición dunha lesión dermatolóxica na espalda (comedón).

-EF: TA na consulta 137/72 FC: 32 SatO₂: 95%.

COC. Bo estado xeral. AC: bradicárdica, sen sopros. AP: mvc. MMII: sen edema. NRL: ben.

-Probas complementarias: ECG: bloqueo AV completo, a 32lpm.

Xuízo clínico: Bloqueo AV completo.

Tratamento: marcapasos.

Ámbito do caso clínico 2: Atención Primaria.

Motivos de consulta: Informe médico para psicotécnico.

Historia clínica:

-Antecedentes persoais: Alerxia a nilotil. DM2 e dislipidemia.

-Situación funcional: IABVD.

-Anamnese: Varón de 73 anos que acode debido á necesidade dun informe médico para o seu psicotécnico. Durante a consulta, atopamos ao paciente algo fatigado pero na anamnese el nega disnea ou calquer outro síntoma. Comenta "estou perfectamente, só veño polo papel ese"

-EF: TA na consulta 150/87 FC: 140 SatO₂: 95%.

Consciente, orientado e colaborador. Bo

estado xeral. AC: taquicárdico, sen sopros. AP: mvc. MMII: sen edema. NRL: sen signos de focalidade.

-Probas complementarias:

ECG: taquicardia regular, de QRS estreito, a 150lpm, sen outras alteracións.

Xuízo clínico: TRIN.

Tratamento: Adenosina IV

Conclusión:

Os anteriores casos, dúas situacións infrecuentes pero perfectamente compatibles coa realidade da consulta de cada día, pretenden poñer de manifesto a importancia da abordaxe integral dos pacientes.

O papel do médico de familia non se pode limitar a tratar ao paciente por aparellos ou sistemas, senón que debe abordalo na súa totalidade. Frecuentemente, isto implica ter un papel proactivo, no que o médico debe ir alén do motivo de consulta polo que acode o paciente, para intentar afinar o diagnóstico ou para coñecer realmente as súas preocupacións.